

FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA

Memoria de
Actividades

2018



ÍNDICE

CARTA DO PRESIDENTE	5
¿QUÉN SOMOS?.....	6
ÁREAS DE INTERVENCIÓN	12
DIFUSIÓN E FORMACIÓN	25
DIMENSIÓN DA ENTIDADE	30
AGRADECIMENTOS	39

CARTA DO PRESIDENTE

Queridas nais, pais, familiares e amigos:

Aínda coa tristeza polo falecemento de Ricardo Touceda Couselo, que me precedeu na presidencia da Fundación Autismo Coruña, e aos que formamos esta comunidade de familias afectadas por trastornos do espectro autista nunca poderemos expresar suficientemente o noso agradecemento, dirixovos esta carta chea de ánimo e optimismo.



Durante o ano 2018, cuxa memoria de actividades aquí presentamos, a Fundación deu servizo a case catrocentos usuarios en aspectos xurídicos ou sociais, e veu desempeñando as súas obrigacións de preservar e protexer os dereitos, intereses e o benestar das nosas dúas persoas tuteladas.

Doutra banda, en decembro do pasado ano, na asemblea anual de ASPANAES leváronse a cabo as eleccións para a renovación do Padroado, ao cumprirse catro anos do seu nomeamento, tal como contemplan os nosos estatutos. Como resultado confirmouse a totalidade dos patróns cesantes procedentes de ASPANAES, dos cales dous, Daniel López Andrade e Luís Catoira Longueira, que se incorporaron para cubrir as baixas polo cesamento voluntario en 2017 de José Luis García Ramos e Begoña Verdía Ventureira, quedaban así referendados pola votación. Na primeira xunta posterior á Asemblea os patróns renovaron a súa confianza no que isto escribe, o que me leva a reforzar a miña vontade e empeño en desenvolver a miña función da maneira máis eficaz e comprometida. En dita xunta, o noso querido amigo e patrón durante longos anos, Francisco García- Gigirey, mostrou o seu desexo de deixar o seu lugar e tomarse un merecido descanso, reclamado polos seus netos.

Entre tanto, neste ano 2019 cúmprese vinte da nosa creación, e atopámonos nunha situación economicamente saneada, desenvolvendo con eficacia o labor de tutela á que estabamos destinados, e coa vista posta no futuro. Isto non fose posible sen a vosa demanda de atención, o voso compromiso e os vosos donativos, e desde logo tampouco sen a entrega que día a día demostra o noso equipo técnico formado por Alba Valderrey, Adela Pérez e, especialmente, María Biurrun, ás que dende aquí quero agradecer o seu traballo.

Recíbide un forte abrazo. Eduardo Riestra Rodríguez-Losada



¿QUÉN SOMOS?

HISTORIA

A FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA (FAC) créase por un grupo de pais de persoas con Trastorno de Espectro Autista (TEA), como resposta a preocupación do futuro do seu fillo ou filla, cando eles falten. Debido a isto, o obxectivo primordial da Fundación é velar polo benestar das persoas con autismo e polas súas familias, asegurando unha boa calidade de vida e apoiándoos nos obstáculos que se poidan presentar.

Na Fundación gústanos pensar que somos como “...esa outra familia que poden necesitar” xa que todos os nosos esforzos van dirixidos a este fin.

A Fundación foi constituída en escritura pública no ano 1999 na Coruña. Está clasificada como organización de Interese Benéfico Asistencial, adscrita á Consellería de Sanidade e Servizos Sociais. Ademais, atópase recoñecida como Fundación Tutelar dentro das redes de entidades colaboradoras pola Consellería correspondente da Xunta de Galicia. Polo que, a Fundación, exerce a tutela e representación en aqueles casos nos que non exista un titor para poder realizar adecuadamente esta responsabilidade.

Tamén está inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPPS) como “*Servizo de Promoción da Autonomía Persoal: Información, Orientación e Formación as Familias*”.

Fundación Autismo Coruña ten a súa sede en:

C/ Camiño da Igrexa, nº 40, baixo

Cp.: 15009 A Coruña


Tif.: 981 13 05 53

www.autismocoruna.org

info@autismocoruna.org


EVOLUCIÓN NO NÚMERO DE USUARIOS

O número de familias atendidas pola Fundación Autismo Coruña, foi aumentando tódolos anos dende a súa constitución. Este dato móstranos que a labor da Fundación esta sendo valorada positivamente ano tras ano. O que nos motiva a seguir traballando e realizando novos proxectos para seguir velando polo benestar das familias e das persoas usuarias con TEA.



A prevalenza en Europa é de 1 de cada 100 nacementos segundo a “Estrategia Española en Trastorno del Espectro del Autismo”, aprobada polo Consello de Ministros o 6 de novembro 2015.

P.usuarias por xénero



MISIÓN, VISIÓN E VALORES

MISIÓN

Ofrecer apoios tutelares e servizos especializados ás persoas con Trastorno do Espectro Autista e as súas familias, co fin de asegurar a súa calidade de vida presente e futura.

VISIÓN

Ser a Fundación Tutelar de referencia dirixida a persoas con Trastorno de Espectro Autista que teñan a capacidade de obrar modificada xudicialmente.

VALORES


- Flexibilidade: adaptación ás circunstancias de cada unha das persoas usuarias.
- Participación: fomento de toda a colaboración do equipo da Fundación.
- Positividade: motivación e actitude positiva no desenvolvemento do noso traballo.
- Individualización e respecto: analizar cada caso considerando as súas características distintivas.
- Calidade: proporcionar un servizo adecuado ás necesidades que ten cada persoa usuaria o longo da súa vida.
- Calidez: facer que os usuarios e as súas familias se sintan arroupados pola Fundación.

ORGANIGRAMA

Padroado: Órgano de Gobierno que representa e administra o patrimonio da Fundación para acadar os obxectivos polos que foi creada, fomentando o bo uso dos recursos dispoñibles para ese fin.


Tódolos Patróns realizan as súas funcións de forma voluntaria por un prazo de 4 anos, que poden ser prorrogados por un número indefinido de veces.

O 15 de decembro de 2018, dentro da Asamblea Xeral de Aspanaes, celebráronse eleccións o Padroado da Fundación. Seguidamente, en reunión celebrada o 19 de febreiro de 2019 concreouse a seguinte composición:



Departamentos: A actividade da Fundación Autismo Coruña, está xestionada en catro áreas, abarcando así tódolos aspectos relevantes do seu funcionamento. Estas son as seguintes:

- ✓ Traballo social: este departamento encárgase de informar e asesorar ás familias das persoas con TEA no ámbito social e colabora nos diferentes procesos de tramitación coas Administracións Públicas.
- ✓ Asesoramento xurídico: enfócase no asesoramento ás familias durante o tránsito á maioría de idade e en todos os aspectos que este proceso implica.
- ✓ Administración: realiza tódalas xestións relacionadas coa administración da entidade (aspectos contables, fiscais, tesourería, etc) ademais da xestión integral de subvencións, tanto de entidades públicas como privadas.
- ✓ Comunicación e marketing: no ano 2015 inclúese na Fundación este departamento co fin de xestionar as redes sociais, páxina web, organización de eventos (co apoio dos demais departamentos) e axudar a fidelizar os usuarios existentes e acadar novos usuarios.






ÁREAS DE INTERVENCIÓN

ÁREAS DE INTEVENCIÓN

As Áreas de Intervención que se levan acabo na Fundación Autismo Coruña, son as seguintes:




ATENCIÓN ÁS FAMILIAS


Dependencia e Promoción da Autonomía Persoal: Esta área de traballo, está centrada na aplicación da Lei 39/2006 de Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, que foi aprobada o 14 de decembro de 2006 e entrou en vigor de maneira gradual dende o 2007. Esta normativa, o longo deste anos, sufriu distintas modificacións. A última delas, ten data de 30 de outubro do 2015, entrando en vigor o 1 de xaneiro do 2016.

A Fundación Autismo Coruña, como consecuencia destes continuos cambios normativos, presta asesoramento ás familias para acadar unha mellor comprensión das variacións producidas e dos efectos que estas supoñen para a súa situación persoal e familiar.

Ademais, faise un asesoramento sobre os diversos procesos administrativos aos que teñen que facer fronte e, en caso de ser necesario ou a solicitude da familia, faise a xestión ante as administracións públicas.




Con respecto a xestión e ós tramites dos expedientes, a Fundación Autismo Coruña, coordínase cos Servizos Municipais, Servizos Centrais e coa Xunta de Galicia, para acadar o acceso das persoas con TEA e das súas familias ás prestacións que están viventes en cada momento. No caso desta entidade, un alto porcentaxe dos usuarios, teñen recoñecida a Dependencia mediante a correspondente resolución.



Comparando a relación entre a idade dos usuarios e a concesión da Dependencia, pódese comprobar que, o 100% das persoas adultas teñen a resolución de grao.

Sen embargo, nos menores de idade e nos novos servizos de Formación e Orientación Laboral e Habilidades Persoais e Sociais, a porcentaxe ,aínda que é moi elevado, non chega a súa totalidade. En algún destes casos, este procedemento encóntranse noutras fases de tramitación.



Ademais da Dependencia, as persoas usuarias tamén son asesoradas sobre a solicitude do Programa Individual de Atención (PIA), o cal determina os servizos e prestacións que lle corresponden en función do grao de dependencia que teñan recoñecido.


CARTEIRA DE SERVIZOS (CONCERTADOS)

<p>S. Atención Residencial atención integral e continuada nun centro residencial, tendo en conta a natureza da situación de dependencia de cada persoa e da intensidade dos coidados que precise.</p>	<p>S. Atención Diurna: atención integral nun centro durante o período diúrno co obxectivo de mellorar e manter o nivel de autonomía persoal, así como apoiar os seus familiares e persoas coidadoras.</p>	<p>S. de Axuda no Fogar: acutacións que permiten á persoa usuaria a realización de actividades básicas da vida diaria, coa finalidade de incrementar a súa autonomía persoal e calidade de vida.</p>
--	--	---


CARTEIRA DE SERVIZOS (LIBRANZAS)

<p>Vinculada S. Atención Residencial: prestación económica destinada a axudar nos pagos dos servizos cando non se presten mediante rede pública.</p>	<p>Vinculada S. Atención Diurna: prestación económica destinada a axudar nos pagos dos servizos cando non se presten mediante rede pública.</p>	<p>Vinculada S. de Promoción • A. Temperá(0-6) • Estratexias Psicoeducativas(7-16)</p>	<p>Coidados do contorno familiar: prestacións económicas de carácter excepcional destinadas a persoas en situación de dependencia.</p>
---	--	---	---

Recursos Sociais: A Fundación Autismo Coruña a través deste programa, facilitou ás familias usuarias o asesoramento e xestión especializado sobre as prestacións sociais que teñen a súa disposición, mediante unha análise particular e individualizadas de cada caso. Dependendo da idade da persoa con TEA, ofrécense distintos servizos:



Con respecto as prestacións distínguense 3 tipos: sociais, económicas e sanitaria.




Programa de Intervención Familiar: a Fundación Autismo Coruña, está a detectar un incremento do número de familias que acoden en busca dun asesoramento xurídico, financeiro e social especializado nas súas necesidades. Existen diversos colectivos de familias que se atopan nunha

situación de vulnerabilidade causada polo risco de exclusión social, pertencer a minorías étnicas, idade avanzada dos proxenitores, etc

Debido a isto, á Fundación centrou os seus esforzos en apoiar e orientar a estas familias no seu proxecto de vida dende os seus propios recursos.

Este proceso comeza cunha entrevista entre a traballadora social e os familiares, na que estes expóñenlle a súa realidade. De este xeito, pódese realizar unha análise da situación individual de cada membro da familia e identifícanse as necesidades a cubrir. Unha vez analizado o medio no que se desenvolven as familias, trátase de establecer unha estrutura o máis forte posible e lograr manter a súa calidade de vida.



Por isto, os profesionais da Fundación establecerán distintas formas de intervención, é dicir, un proxecto personalizado e concreto que se adapta ás circunstancias de cada unidade familiar. Así, pódense ofrecer á familia a mellor intervención posible, tratando de cubrir adecuadamente as carencias que se observan nos usuarios da nosa entidade e nas súas familias.



PREPARACIÓN PARA O FUTURO

A Fundación Autismo Coruña a través deste programa intenta previr as dificultades que se presentarán o longo do futuro da persoa con TEA e dos seus familiares.

En termos xerais, a gran preocupación dos pais e nais das persoas con TEA, céntrase en quen vai a ser o tutor legal do seu fillo cando eles non poidan facerse cargo. Esta decisión é moi delicada e difícil, por iso é preciso que a Fundación realice previamente unha acción de asesoramento que oriente ás familias a aclarar tódolos aspectos que lles preocupen.

Neste ámbito, a Fundación, a través da área social e da área de asesoramento xurídico, orientan ás familias na toma de decisións e apoian ós familiares que teñen encomendada a tutela dunha persoa con Autismo.

Para que esta transición se leve a cabo dunha maneira eficiente debe planificarse ca suficiente antelación dende unha perspectiva de previsión e responsabilidade.

**Persoas Tuteladas por a
Fundación**

2

Pretutelas da Fundación

13


Modificación da capacidade de obrar: A Fundación prestou apoio e asesoramento ás familias en materia xurídica, centrándose nos trámites necesarios para iniciar a solicitude da modificación da capacidade de obrar e rehabilitación da patria potestade cando os seus fillos cumplan a maioría de idade.

O dereito civil establece que, unha vez acadada esta idade, tódalas persoas adquiren a capacidade plena, o que ten como consecuencia que os proxenitores deixan de exercer a patria potestade sobre os seus fillos.

No caso das persoas con autismo, existe un número moi elevado de usuarios que non teñen as aptitudes necesarias para poder atenderse por si mesmos ou poder exercer os seus dereitos e obrigas. Por iso, a modificación da capacidade de obrar nace para a protección legal das persoas que non poden desenvolverse por si mesmas e reflexa a necesidade de amparo que esa persoa require.

A modificación da capacidade de obrar só pode ser outorgada mediante sentenza xudicial, onde van a quedar establecidos os aspectos nos que se precisa a protección e apoio tutelar.

Como se pode apreciar no gráfico, a gran maioría das persoas usuarias, maiores de idade, da Fundación, teñen a certificación de incapacidade ou están en proceso de tramitación.




Testamento: O testamento resulta un documento de vital importancia para as familias de persoas usuarias xa que están a asegurar o futuro do seu fillo. Deste xeito, dan resposta ás distintas dúbidas que se van facendo o longo do tempo sobre temas como:

- Nomear un representante legal do fillo ou filla con autismo.
- Facer o testamento da persoa con autismo, xa que ela non o pode facer por si mesma.
- Establecer as melloras económicas para os fillos que mais o necesiten.

Pretutela: A pretutela consiste na disposición que fan os pais da persoa con autismo de nomear a Fundación Autismo Coruña, como futuro titor legal do seu fillo ou filla, cando eles non poidan atendelo nas mellores condicións ou cando falten.

Nos casos en que o futuro titor sexa un irmán ou un familiar próximo, xorde unha necesidade de apoio e información para poder levar a cabo esta gran responsabilidade. Por iso, a labor da Fundación nesta área é moi importante, xa que estase a proporcionar unha confianza e seguridade.

Evolución Pre - tutelas



EXERCICIO TUTELAR

A Fundación Autismo Coruña exerce a tutela das persoas con TEA, que sexan maiores de idade e estean incapacitados xudicialmente, sempre e cando os seus familiares falten, seguindo o establecido nos Estatutos de Constitución da Fundación.

Céntranse as súas actuacións nas seguintes áreas:

ÁREA XURÍDICA

- Reunión coa Fiscalía.
- Rendición de Contas no Xulgado.
- Aceptación da herdanza.
- Atención a requerimentos xudiciais.
- Exercicio da representación xurídica en todo acto.

ÁREA SOCIAL

- Visitas e acompañamentos periódicos ós tutelados.
- Intervención e apoio social e afectivo.
- Supervisión da atención prestada no Centro Residencial.
- Merca de roupa e complementos necesarios.
- Fomento da integración e participación en tódolos ámbitos da comunidade.

ÁREA ECONÓMICA

- Xestións bancarias
- Xestión de obrigas tributarias e fiscais.
- Trámites financeiros para a obtención do máximo rendemento.
- Administración da renda e do patrimonio de acordo ás obrigas xudiciais.

A primeira tutela designada polo Xulgado á Fundación, foi aceptada en xuño do ano 2012 e, a segunda, tivo lugar en xullo do ano 2015. Recoñecendo, deste xeito, a responsabilidade de procurarlle a estas dúas persoas tódolos apoios e protección necesarios para lograr a maior calidade de vida posible.

Na actualidade, os nosos tutelados viven no Centro Residencial Coral Soane de Aspanaes, que está situada na cidade de Ferrol. Debido a esta circunstancia, a Fundación e Aspanaes teñen un estreito vínculo baseado na coordinación e o bo entendemento, co fin conxunto de garantir o mellor servizo para eles e outros pretutelados da Fundación.





DIFUSIÓN E FORMACIÓN

DIFUSIÓN

Estratexia Corporativa 2017-2020: durante este exercicio continuouse coas indicacións manifestadas no Plan Estratéxico da entidade, utilizándoo como unha guía escrita das estratexias e tácticas que se deben implementar para acadar os obxectivos marcados para os seguintes anos.

Un dos fins principais de este documento é o de aportar ideas e solucións para impulsar melloras na entidade e así poder facer fronte as esixencias das entidades do Terceiro Sector.

Ademais, con este documento quérese dar a coñecer a Fundación Autismo Coruña, incrementando a súa notoriedade e reforzando o posicionamento, sendo este un dos grandes piares a traballar no próximos anos para a Fundación.

Todo isto, coa intención de mellorar a situación económica da entidade, para asegurar a súa supervivencia o longo do tempo e para que estea preparada pas os cambios que poidan xurdir no futuro.



Os Eixos Estratéxicos plantéxanse a longo prazo e permiten especificar os propósitos da Fundación, así como identificar os aspectos que necesariamente se deben de controlar e ter en conta para lograr as metas definidas na misión e visión da entidade. Estes, están baseados na Estratexia Española do Trastorno do Espectro Autista e son os seguintes:

Exercer a tutela das persoas con autismo que teñan a capacidade de obrar modificada xudicialmente, se as súas familias deixaron constancia, asegurando o seu benestar, calidade de vida e facendo cumprir os seus dereitos e obrigacións.


Asegurar o futuro das persoas con TEA, a través do asesoramento e a atención os seus familiares/titores sobre as xestións a realizar, para que os seus fillos/tutelados estean amparados o longo de toda a súa vida.

Apoio ás familias/titores, adecuando o asesoramento ás necesidades particulares de cada unha delas.

Bo goberno e transparencia en todas as áreas e departamentos da Fundación, co fin de facilitar a sociedade a accesibilidade a toda a información relevante sobre o funcionamento da entidade.

Páxina web: dende o ano 2016 a Fundación Autismo Coruña conta cunha renovada e actualizada páxina web (www.autismocoruna.org) que ten como finalidade principal o acercamento da entidade ás persoas da contorna a través de un medio dixital, adaptado a todos os dispositivos. Con isto conséguese:

- Mellorar ó acceso a información sobre a Fundación.
- Explicar os servizos que se ofrecen na entidade.
- Resolver dúbidas frecuentes.
- Ser mais transparentes na xestión, etc




Redes Sociais: Con esta nova ferramenta de comunicación conséguese unha maior divulgación e sensibilización sobre aspectos relacionados co Trastorno do Espectro Autista. Ademais de facer chegar, cunha maior celeridade, ás persoas usuarias ou interesadas no Terceiro Sector, información relacionada coas actividades realizadas pola Fundación ou por outras entidades do terceiro sector.

Tampouco se pode esquecer das vantaxes que proporciona esta comunicación directa coas persoas relacionadas coa Fundación. Deste xeito, adáptanse os contidos os seus intereses e tómase nota das suxestións recibidas para mellorar a atención ós seguidores da Fundación.

Transcorridos estes anos de traballo, obtivéronse 754 “Me gusta” á páxina da Fundación.

FORMACIÓN

Formación dos Profesionais: Co fin de garantir un servizo de calidade ás familias e persoas usuarias, a Fundación proporcionoulle ós seus profesionais tódolos medios necesarios para a mellora na súa formación.





DIMENSIÓN DA ENTIDADE

ALIANZAS INSTITUCIONAIS E COLABORACIÓNS

Confederación Autismo España: Entidade sen ánimo de lucro que agrupa e representa a 76 entidades do terceiro sector de Acción Social en España que están promovidas por familiares de persoas con Trastorno de Espectro do Autismo (TEA), que facilitan apoios e servizos específicos nesta área, tanto ás persoas usuarias como as súas familias.



Autismo España, naceu como federación en 1994, por iniciativa de seis entidades pertencentes a diferentes lugares xeográficos dentro do país, que mantiñan relacións de colaboración. Sendo a súa constitución como confederación estatal no ano 1999.

Dentro da súa misión encóntrase a representación institucional do colectivo que agrupa, co propósito de mellorar a súa calidade de vida e garantir os seus dereitos

Federación Autismo Galicia: Entidade sen ánimo de lucro, constituída no ano 1995 e declarada de entidade pública no ano 2003.

Actualmente agrupa a 11 entidades de toda Galicia que prestan servizos integrais e específicos a persoas con Trastorno do Espectro Autista e as súas familias, prestándolles os apoios que precisen.



De este xeito, constitúen un referente na Comunidade Autónoma para este colectivo abarcando diferentes áreas (técnico, informativo, divulgativo, etc) e centrando a súa misión na mellora da calidade de vida das persoas con trastornos do espectro autista e das súas familias.


Colaboracións: A Fundación Autismo Coruña, co fin de ser un apoio na xestión diaria das familias das persoas usuarias, está en continua comunicación con distintos Organismos Oficiais.

De este xeito, impúlsanse as relacións entre entidades e, polo tanto, conséguense unha maior eficiencia na labor de coordinación e xestión dos fondos sociais.

Xulgados e Fiscalía de A Coruña	Incapitación e tutela
Concellos da Provincia de A Coruña	Servizos Sociais
Deputación de A Coruña	Servizos Sociais
Xunta de Galicia	Consellerías e Dept. Territoriais de Educación, Política Social
SERGAS	Centro Sanitarios e Hospitalarios
Entidades Especializadas	Servizo de día e residencias especializadas na atención ás persoas con autismo
Federacións, Fundacións e Asociacións	C.A.E, Autismo Galicia, Aspanaes, Cáritas, Asoc. Ntra, Sra. Chamorro, etc

DESEMPEÑO SOCIAL

A Fundación Autismo Coruña, presta especial atención a faceta social da súa organización, ofrecendo tódalas posibilidades ó seu alcance para facilitar a conciliación entre a vida familiar e profesional.



DESEMPEÑO ECONÓMICO

Auditoría contable: O primeiro ano de comprobación das Contas Anuais da Fundación, foi o 2014, continuando con esta política de transparencia nos seguinte anos.



Por medio de este arduo proceso, a Fundación quere mostrar ás persoas usuarias, ás Administracións Públicas, ás entidades privadas e demais persoas da nosa contorna, que as accións que se levaron a cabo durante o exercicio 2018, tiveron como obxectivo principal o aproveitamento dos recursos obtidos.


Así mesmo, para poder chegar a esta meta, necesítase unha estrutura saneada, eficiente e capaz

de cumprir as expectativas das persoas usuarias e das súas familias.

Ademais, durante os anos nos que a Fundación leva facendo esta comprobación, melloráronse as áreas de coñecemento económico e, polo tanto, puidéronse aplicar estes recursos adquiridos na xestión diaria da entidade.

As contas anuais do ano 2018 foron auditadas por unha entidade externa (NW Auditores – www-nwauditores.com) para determinar a súa exactitude, integridade e autenticidade.


Dimensión da entidade: Nas cifras económicas que presentan as Contas Anuais da Fundación, pódese comprobar como se cumpre o establecido na normativa que rexe as Entidades sen Animo de Lucro. Xa que se gastou na misión da Fundación o 90,80% dos ingresos obtidos durante o presente exercicio, esixíndose unha cantidade mínima dun 70%.



O resultado positivo de este exercicio é o resultado da política de xestión establecida en anos anteriores e da súa adaptación ano a ano segundo as necesidades da entidade.

Distribución do gasto: A partida máis importante de gasto, onde se invisten os recursos obtidos, corresponde ó gasto de persoal.


Esta área é esencial para o bo funcionamento da entidade xa que, o equipo humano, ten como finalidade principal a de cumprir os diferentes propósitos establecidos nas liñas de actuación da Fundación.




Financiación da entidade: A Fundación Autismo Coruña, centra a súa xestión en tres piares básicos, que son:

- ✓ Control e eficiencia do gasto.
- ✓ Bo Goberno Corporativo.
- ✓ Racionalidade e Estabilidade.


A fonte principal de recursos da entidade son as doazóns que fan as persoas usuarias. Estas teñen carácter voluntario e fundaméntanse nun acto de liberdade sen esperar contra prestación algunha por parte dos doantes.



Doazóns: As doazóns das persoas usuarias e das entidades xurídicas, representan case a metade dos ingresos da Fundación. Polo esforzo que fan as familias e entidades, queremos amosarlles o noso agradecemento xa que, a súa implicación neste proxecto, permite á Fundación continuar coa súa labor dentro do colectivo das persoas con autismo.




Fondos Públicos: Os ingresos que recibe a Fundación das Administracións Públicas proceden dos seguintes organismos,




Con estas aportacións das administracións, a Fundación puido continuar a súa labor e mellorar aqueles servizos que foron demandados por as persoas usuarias. E, ademais, pódese contar durante o ano 2018-2019 cunha compañeira coa titulación de “asistente a dirección” para prestar o seu apoio a todas as áreas de actividade.

Fondos Privados: As subvencións incluídas neste apartado están xestionadas pola Federación Autismo Galicia e a Xunta de Galicia, respectivamente. E teñen como fin realizar programas que teñan unha incidencia nas persoas e familias usuarias da Fundación.




Asignación de recursos por proxectos: As actividades que leva a cabo a Fundación realízanse tendo en conta o proxecto no que están englobadas. De este xeito, facilítase a xestión das mesmas.



Neste periodo, profundizouse nas atención das diferentes demandas realizadas polas familias de persoas usuarias, tanto no ámbito social coma no xurídico.

Dentro das actividades levadas a cabo coas familias de persoas usuarias, pódense destacar, entre outros, os seguintes servizos prestados:






AGRADECIMENTOS

Queremos facer unha mención especial ós Organismos Públicos pola súa colaboración o longo do ano 2018 e as seguintes Entidades Amigas pola súa intervención, apoio, responsabilidade e cooperación.

Tamén queremos nomear a todas aquelas persoas anónimas que grazas a súa doazón axudan a facer posible este proxecto.

Por todos eles, moitas grazas pola súa cooperación e implicación neste desexo de mellorar a vida das persoas con Autismo e das súas familias.





Autor Pictograma: Sergio Palao
Procedencia: ARAASAAC (<http://catedu.es/arasaac/>)
Licencia: CC (BY-NC-SA)



FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA



www.autismocoruna.org
info@autismocoruna.org
C/ Camino de la Iglesia, 40 bajo
15.009 A Coruña
981 130 553